



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Dereito Tributario	Código	612G01029	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	2º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Alvarez Barbeito, Pilar	Correo electrónico	pilar.alvarez@udc.es	
Profesorado	Alvarez Barbeito, Pilar Calderon Carrero, Jose Manuel Quintas Seara, Alberto	Correo electrónico	pilar.alvarez@udc.es jose.calderon@udc.es alberto.quintas@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A asignatura céntrase no exposición completa e sistemática dos diferentes impostos que integran o Sistema Tributario español. Estudiaranse fundamentalmente o IRPF, Imposto sobre Sociedades, IVA e Imposto sobre transmisións patrimoniais y actos xurídicos documentados.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Os contidos previstos, non sufrirán modificacións salientables. Únicamente poderían acurtarse as explicacións dalgunhas partes do programa.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none"> -Sesion maxistral -Análise de fontes documentais -Estudos de casos -Proba oral <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> -Correo electrónico para facer consultas ou programar encontros virtuais. -Moodle: para colgar os materiais necesarios para que o alumnado poida seguir tanto as sesións teóricas como as prácticas. -Teams: para avanzar nos contidos teóricos, así como para facer aclaracións sobre os contidos pregrabados que os profesores poidan facilitar aos alumnos. <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Non se realizarán cambios, agás os que implique o recurso a medios telemáticos.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>A avaliación será o resultado da suma da calificación obtida no apartado de estudo de casos e análise de fontes documentais -ata un 20% da calificación final-, coa calificación obtida na proba final, que se relizará nas condicións indicadas no apartado 7 da guía docente da asignatura -ata un 80%-</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizarán cambios</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Definir os modelos e instrumentos necesarios para afrontar as labores propias do asesoramento fiscal e tributario.	A1 A3 A4 A8 A10	B6
Saber afrontar un procedemento de asesoramento fronte á Administración Tributaria Estatal, Autonomía e Local.	A8 A11	B7 B8 B10	



Obter as competencias necesarias para poder cooperar nun equipo e definir as estratexias necesarias para afrontar un proceso de asesoramento fiscal a particulares e empresas.	A15	B10 B2 B3 B4	C1 C2 C4 C6
--	-----	-----------------------	----------------------

Contidos	
Temas	Subtemas



SISTEMA TRIBUTARIO ESTATAL COMUN

A) IMPOSTOS DIRECTOS.

a) Impostos persoais sobre a renda.

LECCION 1

O imposto sobre a renda das persoas físicas.- Antecedentes.
Natureza e ámbito de aplicación.- O feito imponible.- O suxeito pasivo. Consideracións básicas sobre a tributación dos suxeitos non residentes. A unidade familiar.

LECCION 2

O imposto sobre a renda das persoas físicas (continuación).-
A base imponible.- Rendementos do traballo.- Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario. Especial consideración dos activos financeiros.- Rendementos de actividades económicas.- Ganancias e perdas patrimoniais. %ou2013O mínimo persoal e familiar.- Gastos deducibles.-
Compensación de perdas.- Réximes de determinación da base imponible. A estimación directa simplificada. A estimación obxectiva singular. Base imponible xeneral e do aforro.

LECCION 3

O imposto sobre a renda das persoas físicas (conclusión).-
Período impositivo e de vencemento.- As rendas irregulares.-
Aplicación das tarifas estatal e autonómica.- Deducións da cota.- A xestión do imposto. Declaración. Retención a conta e fraccionamento do pago. A devolución de ingresos.-
Referencia aos réximes especiais de imputación de rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas: a imputación de rendas inmobiliarias, a atribución de rendas, a transparencia fiscal internacional, a imputación de rendas pola cesión de dereitos de imaxe, e a imputación de rendas procedentes de institucións de investimento colectivo.

LECCION 4

O imposto sobre sociedades.- Antecedentes.- Natureza e ámbito de aplicación.- Feito imponible.- Suxeitos pasivos. Residencia. Domicilio. Referencia á imposición sobre a renda das entidades non residentes.

LECCION 5

O imposto sobre as sociedades (continuación).- Base



impoñible. Ingresos computables e gastos deducibles.
Incrementos e diminucións de patrimonio. A determinación da base imponible.- A compensación de perdas.

LECCION 6

O imposto sobre as sociedades (conclusión).- Período impositivo e deveción.- O tipo de gravame e a cota.- Deducións e bonificacións da cota.- A xestión do imposto. Retencións na fonte e pagos anticipados.- Algunhas consideracións sobre os réximes especiais do imposto sobre sociedades. Especial atención ao réxime aplicable ás Cooperativas, as Fundacións, as Institucións de Inversión Colectiva, as Entidades parcialmente exentas, os grupos de Sociedades, as fusións, escisións, achegas e trocos de activos, e a transparencia fiscal internacional.

b) Impostos sobre Sucesións e Doazóns e sobre o Patrimonio

LECCION 7

Imposto sobre a Renda de Non Residentes: Feito imponible, suxeitos pasivos, modalidades de sujeción, base imponible con/sen establecemento permanente, tipos de gravame, deducións e réximes especiais.

LECCION 8

Imposto sobre sucesións e doazóns.- Introducción. Caracteres do imposto.- Modalidades.- Aplicación territorial.- Feito imponible.- Suxeitos pasivos. Referencia á tributación do non residentes.- Base imponible. Determinación. Valoración.- Base liquidable.- Débeda tributaria.- Xestión.

B) IMPOSTOS INDIRECTOS.

a) Impostos sobre o tráfico patrimonial e a súa documentación.

LECCION 9

O imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.- Antecedentes.- Transmisiós patrimoniais onerosas.- Operacións societarias.- Actos xurídicos documentados.- Disposicións comúns.

b) Impostos sobre as vendas e consumos xenéricos.

LECCION 10



O imposto sobre o valor engadido.- Concepto. Modalidades.
O imposto sobre o valor engadido no sistema de imposición indirecta.- O feito imponible. Operacións interiores.
Adquisicións intracomunitarias. Importacións. Operacións non suxeitas. Exencións.- Devenzo.- Suxeitos pasivos e responsables.- A repercusión do imposto.

LECCION 11

O imposto sobre o valor engadido (conclusión).- Base imponible.- Tipos de gravame e débeda tributaria.- Deducións.- Devolucións.- Réximes especiais.- Xestión.- Infraccións e sancións.



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A4 A8	30	0	30
Análise de fontes documentais	A1 A4	12	12	24
Estudo de casos	A11 A15 B6 B7 B8 B10 B2 B3 B4 C4 C6	12	12	24
Proba oral	A1 A3 A10 B3 B4 C1 C2 C6	4	8	12
Atención personalizada		60	0	60

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóse reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
Análise de fontes documentais	<p>Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.</p>
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p>
Proba oral	<p>Proba na que se busca responder, de forma oral, a preguntas cortas ou de certa amplitude, valorando a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de elaboración e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.</p> <p>Os profesores resérvanse a posibilidade de plantexar, como alternativa á proba oral, unha proba escrita na que se combinarán preguntas curtas, preguntas de resposta múltiple, e resolución de casos prácticos.</p> <p>No caso de que como consecuencia da pandemia do Covid-19, tiveran que suspenderse de novo as clases presenciais, a proba poderá consistir nun examen oral ou tipo test, dependendo das circunstancias, realizado polos medios telemáticos oportunos.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



<p>Estudo de casos</p> <p>Análise de fontes documentais</p> <p>Proba oral</p>	<p>O módulo de atención personalizada está pensado para:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Atender persoalmente as dúbidas que poidan suscitarse ao fío das leccións maxistras. -Resolver cuestións expostas ao fío dos supostos prácticos entregados aos alumnos -Axudar a atopar o material que os alumnos precisan para realizar os traballos que se lles asignen <p>As medidas anteriormente sinaladas resultarán especialmente importantes en relación co alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia. Asimesmo, para os estudantes que se atopen nesta situación establecerase ao inicio do curso académico un plan personalizado de entrega de traballos (preferentemente a través de medios electrónicos), tutorización, e seguimento do aprendizaxe que permita garantir a adquisición dos coñecementos e competencias propias da asignatura.</p>
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A11 A15 B6 B7 B8 B10 B2 B3 B4 C4 C6	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p> <p>A puntuación correspondente aos apartados "Análise de fontes documentais" e "Estudo de casos", computará conxuntamente con un máximo, para os dous apartados, do 20% da puntuación global da asignatura. A puntuación obtida nestos apartados en primeira oportunidade, gardarase tamén para a segunda oportunidade.</p> <p>Esta puntuación unicamente podrá obterse mediante a participación activa nas sesións prácticas e a entrega escrita dos supostos requeridos deste feito polo profesor.</p>	10
Análise de fontes documentais	A1 A4	<p>Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.</p>	10



Proba oral	A1 A3 A10 B3 B4 C1 C2 C6	<p>Proba na que se busca responder, de forma oral, a preguntas cortas ou de certa amplitude, valorando a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de elaboración e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. Os profesores resérvanse a posibilidade de plantexar, como alternativa á proba oral, unha proba escrita na que se combinarán preguntas curtas, preguntas de resposta múltiple, e resolución de casos prácticos.</p> <p>No caso de que como consecuencia da pandemia do Covid-19, tiveran que suspenderse de novo as clases presenciais, a proba poderá consistir nun examen oral ou tipo test, dependendo das circunstancias, realizado polos medios telemáticos oportunos.</p> <p>A proba oral ou, según o sinalado, a que teña lugar finalmente, terá un peso dun 80% na calificación da asignatura.</p>	80
------------	-----------------------------	--	----

Observacións avaliación

Respecto ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, manterase a mesma podenderación enriba descrita respecto aos instrumentos de avaliación. Desa maneira:

-A entrega dos traballos correspondentes aos apartados "Análise de fontes documentais" e "Estudo de casos", que se fará a través dos medios acordados cos profesores ao inicio do curso, terán un peso do 20% na cualificación final da asignatura. En segunda oportunidade gardaranse as cualificacións obtidas en primeira oportunidade neste apartado.-Respecto ao sinalado no apartado de "Proba oral", manterase tamén a porcentaxe do 80% na cualificación final da asignatura, tanto en primeira como en segunda oportunidade. En relación cos distintos traballos que os alumnos deban entregar ao profesor para a súa cualificación, a súa realización fraudulenta implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

Fontes de información

Bibliografía básica	<p>BIBLIOGRAFÍA BÁSICA: Derecho Tributario. Parte Especial, Isaac Merino Jara (dir.), Manuel Lucas Durán (coord.), 10ª Edición, Tecnos, 2021. Curso de Derecho Tributario. Parte Especial, Fernando Pérez Royo (dir.), 15ª Edición, Tecnos, 2021. Curso de Derecho Financiero y Tributario, Juan Martín Queralt, Carmelo Lozano Serrano, José Manuel Tejerizo López, Gabriel Casado Ollero, Germán Orón Moratal, 32ª Edición, Tecnos, 2021.</p>
Bibliografía complementaria	<p>BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA: Guía del Impuesto sobre Sociedades, Mellado Benavente et al., Ciss, 2016. Comentarios al Impuesto sobre Sociedades, Malvarez/Zamora, CEF, 2018. Reforma del IS 2015, López Santacruz, F. Lefebvre, 2016. RECURSOS WEB:-Página oficial del Ministerio de Hacienda conteniendo: a) Legislación tributaria actualizada; b) proyectos normativos; c) doctrina administrativa Dirección General de Tributos y TEAC: www.meh.es-Página oficial de la Agencia Estatal de administración tributaria conteniendo: a) Legislación tributaria actualizada; b) guías para la liquidación de impuestos; c) consultas más frecuentes; y d) links o enlaces con otras Administraciones tributarias y entes dotados de poder tributario: www.aeat.es-Página oficial de la OCDE donde se recogen: a) importantes materiales que son fuente indirecta de Derecho tributario; y b) enlaces con otras administraciones tributarias: www.oecd.org-Página oficial de la Comisión de la UE donde se recogen: a) novedades sobre normativa y jurisprudencia comunitaria en materia tributaria; b) enlaces referidos a páginas oficiales de la UE donde se recoge la legislación comunitaria-tributaria y financiera; c) informes, códigos de conducta, recomendaciones, y decisiones de instituciones comunitarias en materia financiera y tributaria: http://europa.eu.int/comm/taxation_customs/taxation/index_en.htm-Página web UDC: WestLaw, Westlaw International Códigos de leyes financieras y tributarias recomendados Tanto los manuales como los códigos de leyes serán manejados, siempre, en su última edición publicada.</p>

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías